

Boqueixón reforza a súa loita contra a velutina coa entrega de trampas

O Concello de Boqueixón vén de poñer en marcha o programa *Axúdanos a loitar contra a velutina*. Trátase dunha iniciativa que ten como principal obxectivo implicar á veciñanza nas tarefas de prevención desta especie invasora.

Para iso, o Concello adquiriu 70 trampas -co seu respectivo líquido atraente- que reparte de xeito gratuíto entre os veciños e veciñas do municipio. Parte delas entregáronse o pasado 24 de abril no Consistorio, nun acto presidido polo alcalde boqueixonés, Manuel Fernández Munín.

Ademais da propia entrega, a veciñanza asistente recibiu unha sesión informativa sobre como se de-

ben colocar as trampas para a vespa velutina e como se debe realizar o seu mantemento. Tamén se ofreceron claves para a elaboración de trampas artesanais.

O programa *Axúdanos a loitar contra a velutina* tamén inclúe unha fase de seguemento. Así, persoal de Protección Civil encargárase de revisar as trampas colocadas nos diversos domicilios co fin de garantir as medidas de prevención contra especie invasora.

Dende o Concello de Boqueixón xa instalou 30 trampas en distintos espazos públicos das 14 parroquias. “A distribución de trampas realizouse segundo o número de niños retirados o pasado ano, que al-



Un intre da entrega de trampas para a vespa velutina na Casa do Concello

canzaron os 198”, concreta o rexedor boqueixonés.

Manuel Fernández Munín agradeceu “a colaboración da veciñanza na prevención da extensión desta especie invasora, xa que sen a súa axuda non se podería levar

a cabo esta campaña con efectividade”. Ao mesmo tempo, animou a boqueixaneses e boqueixanesas a “elaborar as súas propias trampas artesanais, xa que resultan de grande utilidade para reforzar esta loita.



O alcalde de Boqueixón, de pé e no centro, durante a reunión en Loureda



Un intre do encontro coa veciñanza desenvolvido na parroquia de Lamas

Continúan os encontros coa veciñanza nas distintas parroquias

O alcalde de Boqueixón, Manuel Fernández Munín, continuou durante o pasado mes de abril os encon-

tros coa veciñanza. Desta volta tocoulles ás parroquias de Vigo, Loureda, Lamas e A Granxa.

Todas as sesións contaron coa presenza do rexedor, que estivo acompañado tamén polo dele-

gado da Xunta de Galicia na Coruña, Ovidio Rodeiro, e por concelleiros do seu equipo de goberno.

A Casa da Cultura de Camporrapado xa dispón dunha aula para formación oficial

O Concello de Boqueixón vén de rematar as obras de reforma acometidas na Casa da Cultura de Camporrapado. Esta actuación foi posible grazas a unha inversión de arredor de 20.000 euros procedentes de fondos propios e ao traballo do Obraodiro de Emprego Boqueixón-Vedra. “Ademais de mudar o pavimento, teitos e carpintería e de mellorar o soto, realizamos unha importante reforma no primeiro andar do edificio”, explica o alcalde, Manuel Fernández Munín.

Esta consistiu na habilitación dunha aula que cumpre coas condicións precisas para impartir cursos de formación homologada, tras derrubar un dos tabiques e adecuando a superficie dispoñible. “Con esta actuación, case duplicamos

o número de prazas que tiña o espazo ata o de agora”, asegura o rexedor, que agarda que este centro “sirva para potenciar as iniciativas de formación para os nosos veciños e veciñas”.

A actuación na Casa da Cultura tamén incluíu unha reforma no andar térreo, onde se aplicaron os acabados na sala de instalacións. Ademais, substituíuse o antigo pavimento por un novo acabado de tarima flotante de madeira. “Deste xeito, contamos cunha renovada infraestrutura acorde coa ampla oferta cultural e social do noso Concello, ao tempo que pretendemos fomentar un meirande uso das instalacións fomentando a posta en marcha de meirande número de iniciativas formativas”, conclúe o rexedor de Boqueixón.



Vista da reforma da entrada, coa renovación de chans e carpintería



Espazo no que se habilitará a nova aula para formación homologada



Reunión na Deputación da Coruña

O alcalde de Boqueixón, Manuel Fernández Munín, e o edil de Servizos Xerais, Jesús Sanjuás, mantiveron unha reunión de traballo co presidente da Deputación da Coruña, Valentín González Formoso. Un encontro no que abordaron diversas cuestións relativas á rede de estradas provinciais que discorren polo municipio.



Charla de axudas a vivendas no Camiño

O local social de Lestedo acolleu unha charla sobre o plan Vivendas do Camiño. Programa de rehabilitación de vivendas nos camiños de Santiago, promovido pola Xunta de Galicia. A esta sesión acudiron arredor de 30 veciños e veciñas de Boqueixón e Vedra. Máis información, no Departamento de Urbanismo.



Os participantes na obra de teatro 'Urxencias' tras a posta en escena da peza

Cheo total na estrea de 'Urxencias' do Club de Maiores de Boqueixón

A Casa da Cultura de Camporrapado acolleu onte a gran estrea da obra *Urxencias*, representada polo Club de Maiores de Boqueixón. Máis de 200 persoas –que recolleron previamente a súa invitación na Casa do Concello– encheron o salón de actos para asistiren á posta en escena desta peza cómica na que participaron un total de 25 actores e actrices afeccionados. A maior é unha veciña de 92 anos.

Urxencias é unha obra que, a través da parodia, recrea as situacións que se

viven nunha sala de urxencias dun hospital moi peculiar. Para a posta en escena desta representación os membros do Club de Maiores traballaron arreo durante un ano enteiro. Uns esforzos que se viron recompensados polos aplausos dos asistentes.

Ante este éxito rotundo, ofrecerase unha segunda función. Terá lugar o 6 de maio ás 18.00 horas na Casa da Cultura de Camporrapado. Por motivos de aforo, é preciso retirar as invitacións previamente no Concello.

O Concello porá en marcha o servizo Madrugadores para o vindeiro curso

O Concello de Boqueixón vén de abrir o prazo para a solicitude do servizo Madrugadores para o vindeiro curso escolar. Trátase dun programa que busca facilitar a conciliación, para o que se require un grupo mínimo de participantes. Diríxese ás familias do alumnado de Educación Infantil e Primaria.

O lugar onde se realizarán as actividades será o CPI Antonio Orza Couto. O custo e o horario concretanse segundo o grupo.

As familias que desexen acollerse a este servizo deberán cubrir ficha (web do Concello). Máis información, no Departamento de Educación (981 513 115).

Búscanse figurantes para a cerimonia do Lume Sagrado do Pico Sacro

O Concello de Boqueixón busca figurantes para as representacións do lume sagrado que se desenvolverán tanto no Pico Sacro coma en Santiago. As persoas interesadas en participar deberán formalizar a súa inscrición no 981 513 061. A orga-

nización facilita o vestiario aos participantes.

A primeira das citas será a cerimonia do lume sagrado e desenvolverase o próximo 17 de xuño ás 13.00 horas no Pico Sacro. A segunda desenvolverase o 22 de xuño ás 22.00 horas en Santiago.

66 propostas para o Certame Neira Vilas

A Biblioteca Municipal de Boqueixón vén de cerrar o prazo de recepción de propostas para o V Certame Xosé Neira Vilas. O alumnado dos distintos centros educativos remitiron 66 re-

latos curtos. O fallo do xurado coñecerase nuns días.

A entrega de premios estará presidida polo alcalde, e terá lugar o venres 18 de maio ás 12.00 horas, no CPI Antonio Orza Couto.

Abertas as inscricións para o Verán Activo e cursos estivais

O Departamento de Cultura ten abertas as inscricións ata o 25 de maio para o Verán Activo e os cursos estivais, dentro da Acción de Verán'18.

O Verán Activo está dirixido a escolares de Infantil e Primaria. As actividades desenvolveranse en xuño (días 22, 25, 26, 27, 28 e 29) e os meses de xullo e agosto, nas instalacións do Forte. O horario será

de luns a venres de 09.00 a 14.00 horas, con posibilidade de ampliación por conciliación. Ofreceranse xincanas, xogos, obradoiros, actividades acuáticas e deportivas...

O custo é de 60 € o mes completo; 30 €, unha quincena e de 20 €, a semana de xuño.

O Concello tamén oferta cursos de Patinaxe e de Natación en xullo, por 15

€. As actividades son compatibles co Verán Activo, sendo os participantes trasladados ás mesmas.

As sesións de patinaxe desenvolveranse martes e xoves de 10.15 a 11.15 horas, mentras que as de natación serán luns e mércores (iniciación), de 12.00 a 13.00 horas, e martes e xoves (perfeccionamento), de 13.00 a 14.00 horas.

A ficha de inscrición

pódese descargar na web municipal e deberanse entregar no Departamento de Cultura ou no e-mail cultura@boqueixon.com.

O abono das actividades deberase realizar na conta de Abanca ES68 2080 0320 2531 10000666. Entregarase o resguardo de pagamento ata 10 días antes do comezo da actividade. De non facelo, procederase á baixa.

Máis de 200 participantes no III Campionato de Judo

Máis de 200 rapazas e rapaces de entre 3 e 12 anos acudiron ao polideportivo de O Forte para participaren no III Campionato de Judo do Concello de Boqueixón. Unha cita

que contou coa presenza dos edís de Educación, Cultura e Deportes, María del Carmen Botana, e de Formación, Emprego, Turismo e Desenvolvemento Local, Alejandro Bermúdez.



Entrega de premios, presidida polos edís Carmen Botana e Alejandro Bermúdez

AXENDA DO MES DE MAIO

Martes
1

II Torneo Futsal Boqueixón

Polideportivo de O Forte
Entrada de balde
Organiza Futsal Boqueixón.
Categorías de prebenxamín, benxamín e alevín.

Domingo
6

Teatro

Casa da Cultura Camporrapado
18.00 horas
Entrada de balde
Novo pase da obra *Urxencias*, do Clube de Maiores de Boqueixón. Por motivos de aforo, é preciso retirar a entrada antes no Concello.

Sábado
12

XXVII Encontro de Maiores

Polideportivo do Forte
De 12.30 a 18.30 horas
Custo: 10 € (60 anos ou máis e pensionistas) e 22 € (menores de 60 anos).
Recollida de entradas, ata o 4 de maio en Cultura.

Domingo
13

Andaina das Letras

Área recreativa de Sucira
18.00 horas.
Safari literario na Ruta dos Pescadores (4 quilómetros).
En Ponte Ledesma, xogo en familia 'Contos Vivos que fan Poesía'.
Inscripcións ata o 10 de maio.

Xoves
17

V Carreira Camiño das Letras

Pico Sacro
10.00 horas
Percorrido de 15 quilómetros dende o camiño sueste (Vía da Prata) ata a Cidade da Cultura.
Máis información e inscricións en: www.carreirasgalegas.com.

17, 19
e 20

III Torneo de Fútbol Base 2018

Instalacións de O Forte
Entrada de balde
Organizados pola Escola de Fútbol Boqueixón, o torneo divídese en tres categorías:
17 de maio: Prebenxamíns
19 de maio: Benxamíns
20 de maio: Alevíns
Inscripcións no teléfono 603 555 588 ou enviando un e-mail a efboqueixon@hotmail.com.

Sábado
19

Apertura do Ciclo Un mes e Pico

Pico Sacro
11.30 horas
O alcalde, Manuel Fernández, e a escritora Elena Gallego Abad, presentarán o programa *Un mes e Pico. Ciclo de mitoloxía e sacralidade do Pico Sacro*.

25, 26
e 27

Boqueixón en ruta: Portugal

Percorrido polas localidades de Óbidos, Buddha Eden, Figueira da Foz e Fátima

Domingo
27

'A Resurrección da Raíña Lupa. Historia da Translatio'

Pico Sacro
17.30 horas
Entrada de balde
Visita teatralizada, dentro do ciclo *Un mes e Pico. Ciclo de mitoloxía e sacralidade do Pico Sacro*, interpretada polos actores e guías turísticos Suso Martínez e Belén Espiñeira.
Requerida inscrición previa.

Mércores
30

IV Ruta de Maiores de Boqueixón: Ruta do Faro-Illa de Arousa

Andaina de 7,5 kms. na Illa de Arousa como peche do curso de Ximnasia para Maiores
Inscripcións nos grupos de ximnasia das parroquias.

Xoves
31

Falamos de... Adición ás novas tecnoloxías na adolescencia

Casa do Concello
17.00 horas
Entrada de balde
Sesión dirixida a familias de adolescentes e poboación xeral.
Inscripcións ata o 25 de maio.

e en xuño...

Sábado
2

Proxección da peza 'Raíña Lupa'

Pico Sacro
19.00 horas
Entrada de balde
Presentación do audiovisual dentro do ciclo *Un mes e Pico*.
Requerida inscrición previa.

Sábado
9

Conferencia de Rafael Quintía

Capela San Sebastián -Pico Sacro
20.00 horas
Entrada de balde
O mito dos mouros e da Moura e a súa relación co Pico Sacro.
Requerida inscrición previa.

Luns
16

Coñece Galicia: Arde Lucus (Lugo)

Custo: 20 €
Inscripcións ata cubrir prazas.

Máis información e inscricións:

Centralíña: 981 513 061
concello@boqueixon.com

Cultura: 981 513 115
cultura@boqueixon.com

Dto. Local e Turismo: 981 513 061
boqueixonturismo@gmail.com